



O proxecto ten como finalidade potenciar a investigación, o desenvolvemento tecnolóxico, a innovación (I+D+i) e o uso das Tecnoloxías da Información e Comunicación (TIC) no contorno das cooperativas.

Ademáis, pretende favorecer a creación de proxectos de cooperación, o intercambio de experiencias e fomentar a transferencia de coñecementos, tanto no seo da cooperativa como a través das relacións con outros axentes do Sistema Galego de Innovación.

Deste xeito faremos do cooperativismo un sector máis competitivo e con máis capacidade para afrontar o actual contexto económico favorecendo tamén a creación de redes de cooperación transfronteiriza.

Trátase dunha actuación promovida pola Consellería de Traballo e Benestar, a través da Dirección Xeral de Traballo e Economía Social e cofinanciada polo Fondo Social Europeo, no marco do Programa Operativo FSE Galicia.

**Promoción do Cooperativismo
mediante o impulso da I+D+i e a
utilización das TIC**



**PROMOCIÓN DO COOPERATIVISMO
mediante o impulso da I+D+i
e a utilización das TIC**

info@innovacioncooperativas.coop
www.innovacioncooperativas.coop
T: +34 981 552 059

XUNTA DE GALICIA



UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo
"O FSE inviste no teu futuro"




XUNTA
DE GALICIA



ASESORAMENTO, FORMACIÓN E DIVULGACIÓN

A **Consellería de Traballo e Benestar** ofrece un servizo de asesoramento técnico, formación online/presencial e divulgación en materia de I+D+i e TIC ás cooperativas de Galicia, no que destacan:

- Asesoramento técnico permanente a través dun servizo de consulta gratuíta sobre I+D+i e TIC
- Elaboración de estudos e publicacións na materia
- Xornadas divulgativas e de captación de beneficiarios
- Cursos de carácter mixto (on-line e presencial) en materia de I+D+i e TIC cos seguintes contidos:
 - Creatividade no deseño de novos produtos e servizos
 - Xestión de proxectos de I+D+i
 - Estratexias de innovación e comercialización de resultados
 - Vixilancia estratéxica
 - Presenza en internet e uso básico das TIC
 - Marketing dixital e redes sociais
 - Comercio electrónico
 - Ferramentas TIC para a xestión avanzada dunha cooperativa



DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS DE I+D+i

Co obxectivo de que no seo das cooperativas implicadas no Programa se xeren ideas e propostas de proxectos de I+D+i, e se consoliden equipos de traballo nesta materia, ofrécese:

- Diagnóstico individual da situación en I+D+i da cooperativa
- Apoio personalizado no desenvolvemento de programas de I+D+i nas cooperativas galegas:
 - Apoio na elaboración das propostas de proxectos
 - Busca, selección e formalización de solicitudes de convocatorias públicas de financiamento adecuadas
 - Apoio no seguimento e execución do proxecto
- Apoio á consolidación de equipos de I+D+i nas cooperativas participantes
- Formación específica en I+D+i adaptada ás necesidades dos membros de cada cooperativa
- Dinamización de Redes de Intercooperación para o desenvolvemento de proxectos colaborativos



PROGRAMAS DE INMERSIÓN NAS TIC

Acompañamento e titorización adaptados ás necesidades de cada cooperativa participante para a súa inmersión na utilización das TIC, ofrécese:

- Diagnóstico individual da cooperativa e do seu contorno en relación coas TIC
- Asesoramento técnico personalizado
- Repositorio de ferramentas TIC
- Formación específica
- Apoio personalizado no desenvolvemento de programas TIC nas cooperativas galegas:

Actuacións básicas

- Presenza en Internet e Redes Sociais
- Imaxe corporativa e web da cooperativa
- Incorporación ao directorio e catálogo do portal intercooperar.coop

Actuacións avanzadas

- Incorporación da cooperativa ao e-comercio
- Sistema de xestión
- Campaña de mercadotecnia en internet